



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CABANA DE BERGANTIÑOS

*Anuncio comisións informativas*

##### ANUNCIO COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 17 de xuño de 2023, con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 28 de maio, faise pública a parte dispositiva Da proposta aprobada en sesión extraordinaria ( art.38 ROF) de Pleno de 23/06/2023:

**Primeiro.** Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

-Comisión de Asuntos do Pleno,

Esta comisión terá por obxecto informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno, e do Alcalde ou Presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

-Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas

Actuará como Comisión Especial de Contas no exame, estudo e informe de tódalas contas, orzamentarias e extraorzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da materia.

Esta comisión terá por obxecto informe ou consulta dos asuntos de facenda e de carácter económico que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Igualmente informarán aqueles asuntos de economía e facenda da competencia propia da Xunta de Goberno, e do Alcalde ou Presidente, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles.

A Comisión Especial de Contas, órgano necesario no concello, asume as competencias do artigo 116 da Lei de bases de réxime local e do 66 da lei 5/1997 e celebrará sesión nestes supostos.

- Comisión Informativa Especial de Seguimento dos traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cabana de Bergantiños.

Dita comisión operará ata a súa aprobación definitiva polo órgano competente, momento no cal quedará automaticamente extinguida.

Celebrará sesión en todo caso , con carácter previo as aprobacións do PXOM.

**Segundo:** Estas comisións, agás as especiais, reuniranse segundo se sinala no artigo 134 do ROF.

**Terceiro:** Establecer a seguinte composición para as Comisións en función da representación que cada grupo ten no Pleno:

- Partido Popular: 2

- Bloque Nacionalista Galego: 1

A adscripción concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político realizarase mediante escrito do voceiro do grupo político dirixido ao Alcalde-Presidente e do que se dará conta ao Pleno Corporativo. Poderá designarse, de igual xeito, os suplentes de cada titular.

O Alcalde é o presidente nato das Comisións Informativas; sen embargo, a presidencia efectiva da Comisión Informativa poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión Informativa, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

**Terceiro.** Informar aos diferentes grupos políticos municipais para que no prazo de cinco (5 días hábiles) desde a celebración do pleno, comuniquen o nome dos concelleiros/as que adscribirán a cada comisión informativa e do suplente ou suplentes.

Cabana de Bergantiños, 23/06/2023

O alcalde,

José Muíño Domínguez.

2023/5077